



## **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto o procedemento seguido para a creación dunha bolsa de emprego para postos de conservación e mantemento de espazos públicos e conservación medioambiental, e publicada a lista definitiva o 8 de xuño e xa transcorrido do prazo de reclamacións e resoltas as presentadas.

Visto que o concello precisa cubrir tres postos de traballo de peon medioambiental por prazo de tres meses, dende o 20 de xuño ó 20 de setembro de 2018.

Consonte o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no texto refundido la lei de contratos do Sector Público; pola presente, **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Realizar os chamamentos para estas prazas segundo a orde definitiva da lista da bolsa de emprego para conservación e mantemento de espazos públicos e conservación medioambiental, deixando constancia no expediente dos mesmos e o seu resultado.

**SEGUNDO.-** Formalizar os contratos correspondentes coas persoas que corresponda.

**TERCEIRO.-** Publicar resolución na páxina web municipal no cumprimento do deber de transparencia das Administracións Públicas e segundo o disposto nas bases das listas correspondentes.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, en Barreiros a dezaoito de xuño de dous mil dezaoito.

O alcalde

J. Alfonso Fuente Parga

Ante min

A Secretaria

Begoña Teijeiro Campo